



# PRESENTACIÓN DO LIBRO

## OS NOMES DO TERROR. GALIZA 1936: OS VERDUGOS QUE NUNCA EXISTIRON

(REPRESORES E REPRESIÓN FRANQUISTA NA TERRA CHÁ)

EDITADO POR **SERMOS GALIZA**

VENRES, 23 DE FEBREIRO DE 2018, 20:30 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA



Organizado polo IESCHA, o 23-F celébrase ás 20:30 horas na Casa da Cultura de Vilalba a presentación do libro "Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron" (Represores e represión franquista na Terra Chá), editado por *Sermos Galiza*.

Intervirán: **Xoán Costa**, presidente do consello de administración de *Sermos Galiza* **Xosé Ramón Ermida Meilán**, coordinador e coautor do volume e **Carlos Nuevo Cal**, cronista oficial de Viveiro, coautor do volume e autor do traballo de estudo sobre a represión no norte de Lugo; presentará o acto Manuel Roca Cendán, directivo do IESCHA.

Os coordinadores deste libro subliñaron que "até agora contabamos con números estudos sobre as vítimas da represión pero a realidade dos represores permanecía agochada; con este volume queremos sacar á luz a outra parte da verdade que ficaba por coñecer. Non hai vítimas sen verdugos".

Salientan que na veciñanza vilalbesa houbo persoas asasinadas en 1936, como Xosé Balsa Vilares -concelleiro na localidade, asasinado en Asturias-; Xesús Orosa Otero -tamén concelleiro, "paseado" en As Pontes-; Andrés Ares Díaz -crego de Monfero asasinado por falanxistas; Xosé Eirado Fernández -"paseado" en A Coruña-, e o mestre Anxo Fraga Orosa.

Aos vilalbeses asasinados engádense persoas represaliadas nos cárceres franquistas, como Lois Peña Novo -condenado a morte, pena conmutada por cadea e confinamento- e as que foron procesadas ou sufriron vexacións, como seren obrigados a tomar aceite de ricino ou a iren nun "desfile" con falanxistas polo centro da vila (caso de Xosé Durán Fraga, socialista; avisaron á súa nai para que asistise ao cruel acto e "perdeu a

cabeza" para toda a súa vida.). Un dos obxectivos da represión -instaurar o réxime do terror- esixía que fose masiva, como reflicte o elevado número de persoas da Terra Chá que ingresaron no cárcere por motivos políticos entre 1936 e 1939: 26 persoas de Vilalba, 22 de Guitiriz, 21 de Cospeito, 19 de Pol, 16 de A Pastoriza, 10 de Xermade, 11 de Abadín, 12 de Rábade, 11 de Begonte, 12 de Castro de Rei e 6 de Outeiro de Rei.

Tamén debemos reparar nos procedementos administrativos de "depuración" que afectaron aos funcionarios públicos, especialmente dura no profesorado: 48 no conxunto do partido xudicial de Vilalba... e 20 rematarían sendo expulsados definitivamente do Maxisterio.

Na represión xogaron o seu papel os militares, a igrexa e os grupos paramilitares -nos que destaca a Falanxe-; porén a máxima responsabilidade na represión, fose "legal" (a organizada cos "Consellos de Guerra") ou paralegal -os terroríficos "paseos"- foi dirixida e visada polos militares, nun proceso planificado desde o comezo do golpe de Estado, como certifica a documentación dos arquivos (civiles e militares). O papel dos cregos ou dos falanxistas figura en varios traballos do libro, que sinala casos referidos a Pastoriza, Muimenta, Cospeito ou Xermade.

O libro refire diversos episodios de actuacións *paralegais* na Terra Chá e recolle testemuños -tanto documentais como orais- que certifican -segundo xa indicara Ana Cabana- con nome e apelidos varias persoas que se significaron nomeadamente no proceso de represión.